

Calendario

Novembro: Convocatoria de Certames.

1-12-2018

18,00 - Igrexa parroquial de Begonte:

- Misa polos socios e amigos do Belén falecidos.
- No decurso desta, Pregón do Nadal a cargo de ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.



- Recital do Coro das Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, dirixido por ESPERANZA MÉNDEZ IGLESIAS, e da Banda Xuvenil dirixida por ARMANDO MORALES.

De seguido, no Centro Cultural José Domínguez Guizán:

- Apertura do Belén Electrónico na súa XLVII edición, e do Museo José Rodríguez Varela-Museo do Belén.

3-12-2018

- Casa Habanera de Guitiriz. Inauguración da exposición IMAXES DO BELÉN (Fotografías sobre o Nadal).

17-12-2018

- Casa do Concello de Rábade. Inauguración da exposición IMAXES DO BELÉN (Fotografías sobre o Nadal).

28-12-2018

- Sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo. Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXIX Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán.

2-1-2019

- Casa da Cultura de Vilalba. Inauguración da exposición IMAXES DO BELÉN (Fotografías sobre o Nadal).


15-1-2019

- Casa da Cultura de Begonte. Inauguración da exposición de pintura coas obras presentadas ao XXIX Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán.

26-1-2019

17,00 - Centro Cultural José Domínguez Guizán:

- Entrega de premios dos certames culturais.
- Clausura de actividades da XLVII edición de "O Nadal en Begonte".
- Actuación da Agrupación das Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, xestionadas pola Asociación Músico Crisanto.



Promove:



Centro Cultural
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Co apoio de:



Concello de Begonte

Patrocinio de:

XLIII Certame nacional de Poesía sobre o Nadal

//ABANCA

Patrocinio de:

XLIII Certame Xornalístico "Begonte e o Nadal"
e difusión turística



O Nadal en Begonte

Declarado de Interese
Turístico Galego pola



XUNTA
DE GALICIA



Foto Carlos Lugo

XLVII EDICIÓN
1-12-2018 / 26-1-2019

Actividades

- Pregón do Nadal a cargo de ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.
- Recital do Coro das Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, dirixido por ESPERANZA MÉNDEZ IGLESIAS, e da Banda Xuvenil dirixida por ARMANDO MORALES.
- BELÉN ELECTRÓNICO (XLVII edición). Creador: José Rodríguez Varela (In memoriam).
- MUSEO JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA (Museo do Belén).
- XLIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL.
- XLIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL.
- XLIII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL.
- XXIX CERTAME GALEGO DE ARTE José Domínguez Guizán.
- EXPOSICIÓN das obras presentadas ao Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán na sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo e na Casa da Cultura de Begonte.
- Exposición IMAXES DO NADAL en Guitiriz, Rábade e Vilalba. Colaboran: Grupo FONMIÑÁ e Colectivo EGERIA.
- Edición do libro O NADAL, cos traballos premiados na XLII edición dos Certames de Xornalismo e Poesía sobre O Nadal.
- Actuación da Agrupación das Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei, xestionadas pola Asociación Músico Crisanto, na entrega de premios e clausura de actividades.

HORARIO DE VISITAS AO BELÉN: de 11 a 13 e de 15 a 19 h

- Do 1 ao 21 de decembro 2018 e do 7 ao 26 de xaneiro 2019:
sábados, domingos e festivos

- Do 22 de decembro 2018 ao 6 de xaneiro 2019: todos os días

Visitas colectivas: avisar previamente ao tel. 982 39 61 21

Arte

O Centro Cultural de BEGONTE convoca o

XXIX CERTAME GALEGO DE ARTE “JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN”

de acordo coas seguintes BASES:

1. O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 1.500(*) euros e estatuíña de Sargadelos.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos (nados en Galicia ou residentes habituais), de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m por 1 m, con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas —libres de gastos— ó Centro Cultural de Begonte. Seranlles devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación remata ás 12 horas do día 25 de decembro de 2018. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas a gañadora do Certame.
7. A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

NOTA: Organizarase en Begonte e Lugo unha exposición coas obras presentadas ó certame ou, se o número o impidise, unha selección das mesmas.

(*) Os importes son líquidos despois de aplicarles a retención do IRPF

Poesía

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio de **//ABANCA** e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XLIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes BASES:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600(*) euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300(*) euros e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro do ano 2019.
7. Todos os traballos presentaranse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

Xornalismo

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da **XUNTA DE GALICIA** e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XLIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e —en xeral— ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO. 600(*) euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO. 300(*) euros e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro do 2019, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación deberá facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

Debuxo infantil

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico, co fin de potenciar o espírito do Nadal nos nenos, convoca o

XLIII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE “O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

1. Poden concorrir todos os nenos, a través dos seus colexios.
2. Establécense dúas categorías:
 - A.– Ata os 10 anos.
 - B.– De 11 a 15 anos.
3. Concederanse os seguintes premios:
 - A.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.
 - 5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.
 - B.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.
 - 5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.
4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico “O Nadal”. O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartolina.
5. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.
6. A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do ano 2018, debendo ser entregados ou remitidos ó Centro Cultural “JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN” de BEGONTE (Lugo).